



“Espazo das familias”,

o legado de Antonio Gandoy

A foto que fala



O trasno Ramiro Pouso, meu amigo

Daniel López Muñoz



Foi unha vidiña rexa, contra os elementos, co temporal sempre de proa. Fóisenos, fóiseme Ramiro, o meu mestre mariñeiro, amigo e patrón. Foise un tesouro deses que ten Galicia e que, inexplicablemente, poucos saben apreciar. Quizais porque, de tanto darse, non teñen prezo. Foise con el moito da grande aventura dos homes do mar de Galicia nos sesenta, nos setenta. Vaia por todos eles!

Mariñeiro e contramestre nos sete mares. Nos imposibles. Unha épica por contar. Foise con el a cartografía mental do fondo da ría do Son. Seco

a seco, baixo a baixo, laxe a laxe. Todos os nomes. Os nomes todos. E foi un agasallo inmenso compartir a súa amizade, xunto coa de Filucha, compañeira e coidadora sempre. E todo grazas a *Irimia*. Só por iso xa pagaría a pena. Fixémoslle un enterro emocionados, conmocionados. E lémoslle isto para dicirlle deica logo... e boa marea.

As mans de Ramiro

Dicíalles aos rapaces:

“estas mans non son así de andar a tomar o sol”

Porque non eran mans de bichicoma eran cerna dura

curada

na salga do mar de Terranova, abertas de picar o xeo imposible

dos mastros

dos estais

fendidas polo peixe frío

e as estachas

e as agullas que o vento

ceibaba nas Svalbard.

De pau de batea curada eran as mans máis delicadas

para faceren as curas nas chagas da velliña; mans que sandan e suturan; as que tecían, cosían, e pasaban a roupiña; que acariñan ao meniño; mans que cociñan, de redeiro e coidador da xente, da vida, do labor.

Mans rexas e tenras as que levaban a caña do Rocho

de Miñarsos e Basoñas, por un mar de liberdade, sen segredos nin perigos “con Ramiro de patrón, nin petón de Cotexido nin laxe Papatimóns”

Mans de amigo de home xusto patrón de forza e bondade no silencio deste mar, de mañanciña, navegando nunha aperta infinita e bondadosa, ese xeito singular que ten Deus de falar, tan mainiño, a lingua dos mariñeiros.

Editorial 25 de xullo, un día para o orgullo galego

Galicia necesita boas novas sobre si mesma. Levamos preto dunha década de horizonte gris e esperanza decaída. Un cocktail amargo para o galeguismo, certamente, esa mestura de gobernos recentralizadores e a sonada “crisi” que valeu de desculpa para case todo.

Galicia necesita reaparecer. Reaparecerse. Mostrarse a si mesma capaz de ter un futuro de seu. “Venderse” a si mesma como un produto de calidade. Convencerse, autoconvencernos de que somos quen, sen tutelas, sen caxatos prestados, superando esa esmoleira conciencia de “sitio subvencionado”

Galicia necesita vencer, contrarrestar a axenda oculta da “Galicia 0”; da nacionalidade devalante que nos desgoberna, ese proxecto acochado entre liñas dos mandatarios de Galicia e Madrid.

Galicia necesita vencer, contrarrestar esa axenda oculta da “Galicia 0” que nos desgoberna

Saberse nación histórica, saberse potencia e capacidade. Saberse alimento excelente, tecnoloxía punta, deseño, arte, teatro e audiovisual de seu; saberse con lingua propia benquerida de poetas e científicos, de igrexas e tabernas, da xente ordinaria e da extraordinaria, de militantes e paseantes e da xente nova a esgalla.

Galicia necesita recoñecerse como economía e finanzas propias, a pesar da desfeita, do espolio, do vendaval que levou por diante as nosas Caixas e aforros diante duns dirixentes que xogaron a especuladores e duns políticos nefastos. Galicia debe saberse capaz de reconstruírse unha vez máis.

Resulta difícil definir e acordar que vai ser Galicia nese futuro incerto do concerto dos pobos e nacións. Estados, soberanías, rexións económicas, comunidades humanas... Todo está aberto e incerto, cambiante. Pero debemos deixar claro que queremos ser un suxeito político, cultural, económico. Que temos os nosos triunfos e que os queremos xogar.

Se o movemento LGTBI conseguiu manifestar a súa orgullosa autoafirmación na diferenza cunha mobilización espectacular, como non seremos os galegos e galegas quen de afirmarnos na nosa diversidade, diante do universo? Porque necesitamos unha boa dose de orgullo san, sandador, que nos faga saír do armario, e afirmar que seguimos por aquí para aspirar a todo sen deixar de sermos, agradecidamente, como somos.

Rumores de esperanza


Xan Guillén

Mentres escribo isto, están a celebrarse as festas polo orgullo homosexual. Os que temos uns poucos anos non podemos deixar de abraiar co moito que cambiamos de mentalidade neste tema. Ser homosexual ou lesbiana hai uns anos era algo que había que ter agachado.

Agora os mozos e mozas que non utilizan a maneira de amar convencional saen á rúa e fan unha festa que semella moi divertida. E no medio da festa tamén hai cristiáns. Porque hai xente que ten que saír do armario dúas veces. Coma cristián e como homosexual ou lesbiana.

Aconséllolle a quen lea isto que dea unha volta por páxinas web como crismhom.com, onde atopará unha gran cantidade de información e ligazóns interesantes que abren a diversidade, tamén na Igrexa. Porque se hai algo do que teríamos que estar orgullosos e orgullosas, é da diversidade.

Achégase o verán. Invítote a vivilo a tope, cheo de vida. Que te abras a todo un mundo diferente e divertido onde non haxa lugar para o pensamento único e monocorde. Diversidade de cores, diversidade de vida, diversidade de dons, pero un mesmo espírito.



1



3



2



4



A peneira

1

Máis de trescentos produtos mortais para as **ABELLAS** están a rematar con elas e con moito máis, pois grazas á súa polinización contamos co 75% da nosa alimentación e coa supervivencia do 90% das plantas silvestres. Greenpeace recolle sinaturas contra esta desfeita en internet.

2

O 22, ás 12.00 h, as asociacións Vagalume, O Galo..., convidan á **ALBA DE GLORIA** no Pico Sacro, saboreando as glosas que escribiron mulleres e homes xenerosos e que recolle a editora Alvarellos ao cumprir 40 anos no Pico Sacro. Ferido polo Lóstrego e a Lenda.

3

AUXILIA de Lugo denuncia a falla de proxectos para eliminar barreiras para discapacitados físicos en Lugo, unha loita rexa desde hai 45 anos para promover a inclusión de persoas con limitacións que o sistema imperante marxina.

4

Manolo **REGAL** foi elixido polo bispado de Mondoñedo animador da pastoral rural, unha sementeira que promete copiosas colleitas nas mans dun xornaleiro afeito a labrar todas as agras con tenrura, demostrando co seu arado que é o Espírito do ben e da igualdade.

5



7



6

Aira
SOCIEDADE
COOPERATIVA GALEGA

Alfonso Blanco Torrado

5

O Festival de Pardiñas, o 5 e 6 de agosto, reivindica a nosa música coa **REGUEIFESTA** que compromete a mocidade desde o ensino na interpretación popular como ferramenta para crear igualdade e participación. Na foto, Sara Marchena, de Vigo, unha das participantes.

6

Cinco **COOPERATIVAS** que producen 300 millóns de litros de leite ao ano celebraron o seu "día internacional" fusionándose en Aira produtora de 200 000 t de piensos de Taboada. Son 2200 socios que van empregar a 220.

7

A familia irimega temos que agradecer o ánimo que nos deu sempre Afonso **ZULUETA**, amigo dos máis febles, principiando pola fala, dando pulo ao compromiso cristian desde a nosa identidade e así foi un dos promotores da tradición da Biblia ao galego.

Política *Ventre de aluguer ou maternidade subrogada?*

Azúmara García



A recente proposta de Ciudadanos no Congreso para regular a maternidade subrogada (o que tradicionalmente se chamaba “ventre de aluguer”) está xerando moitos debates e controversias. O Comité de Bioética

Cada ano entran en España uns 1000 bebés xestados en países onde a subrogación é legal.

declarouse en contra da legalización desta práctica en España, e pediu, ademais, a súa ilegalización internacional. Moitos grupos feministas consideran que é unha “mercantilización do corpo da muller” e que, polo tanto, debера continuar prohibida. Do outro lado, defenden a súa legalización asociacións de parellas heterosexuais con problemas de fertilidade e colectivos de transexuais, gais e lesbianas. E os partidos políticos, agás, evidentemente, os promotores da iniciativa parlamentaria, continúan sen manifestarse claramente a favor ou en contra dun asunto sobre o que en breve van ter que decidir. Que datos básicos deberamos ter en conta para emitir un xuízo medianamente fundamentado sobre este tema?

- En España, a lei establece que a nai dalguén é quen pare a ese alguén. É

dicir, a carga xenética que a crianza leva non establece a filiación materna.

- Estímase que aproximadamente cada ano entran en España uns 1000 bebés xestados noutros países onde a subrogación si é legal. Como son produto dunha práctica ilegal en España, malia ser fillos de cidadáns españois, non poden ser rexistrados oficialmente do mesmo xeito que os bebés non nados por subrogación, polo que permanecen nun “limbo” legal, sanitario e social. Desde hai dous anos, para garantir os dereitos dos menores, permítese a inscrición no Rexistro Civil se o proxenitor (ou un deles) é español, ten unha orde xudicial e o nacemento tivo lugar nun país no que a subrogación é legal.

- As condicións legais, sanitarias e económicas das nais que ceden o seu

útero para xestar o bebé varían moito duns países a outros. Nalgunhas zonas so é legal a maternidade altruísta, é dicir, a nai que presta o seu ventre non percibe remuneración ningunha, aínda que si quedan cubertos os seus gastos médicos, baixas salariais, etc.

Noutros países, as mulleres xestantes perciben un salario, que varía moito en función do país no que viven e das condicións establecidas por empresas que son, moitas veces, as que se encargan de contratar os seus servizos. Así, por exemplo, en California, unha nai por subrogación recibe uns 2500 euros mensuais mentras dura o proceso, que pode chegar a custar uns 150000. Na India ou Nepal, os procesos de maternidade por subrogación custan uns 40000 euros, dos que, en moitas ocasións, as mulleres non chegan a percibir nin un 5%. En Nixeria,

moitas mulleres son mantidas polas mafias nas chamadas “granxas de bebés” mentras duran os embarazos subrogados.

- Neste momento, en España, o número de bebés nados por subrogación é maior có número de adopcións, que descendieron drasticamente.

- E moitas preguntas sen resolver: Que pasa se o embarazo é múltiple e os proxenitores so queren un bebé? Que pasa se o bebé ten malforma-



cións? Pode a nai xestante negarse a un aborto? Que pasa se algún dos contratantes se volve atrás durante o proceso? Que pasa se, no caso de parellas, hai unha separación previa ao nacemento do bebé?

Son moitas as cuestións a ter en conta neste debate. Incluso o propio nome da cuestión é problemático: falamos de maternidade subrogada, termo aséptico, ou ventre de aluguer, expresión que subliña o carácter mercantilista que para algúns define esta práctica? Que cadaquén intente tirar as súas propias conclusións.





O peto común ALFONSO ZULUETA

Rubén Aramburu

Achegándose aos 100 anos, finou Alfonso Zulueta de Haz. Que gran persoa! Chegaba á miña casa con caixas de libros: oracionais en galego, Novo Testamento en galego, biblias en galego, libros de teoloxía en galego... Pedíame que os repartise entre os curas da zona, e tal facía. Mágoa que case sempre quedaban esquecidos nos andeis das sancristías.

Presidente do Consello da Cultura Galega, da Fundación Penzol, Galaxia, creador da Asociación Xoán XXIII..., sempre desde a súa fonda militancia cristiá.

Home crente, valedor de *Encrucillada*, da editorial Sept, que publicou estudos teolóxicos de moita importancia. Un dos motores da tradución da Biblia ao galego, roubándolle, xunto con outras xentes, horas á xornada laboral, poñendo cartos do seu peto... Cando lle regalaron o exemplar ao Papa Xoán Paulo II en Santiago, nin sequera o convidaron ao acto. Porén, dábaos por ben feito coa esperanza de que a liturxia se encarnase na lingua que falaba a xente.

Zulueta e Teresa, a muller, percorreron as aldeas e lugares do Morrazo e doutras comarcas buscando aqueles rapaces discapacitados, agochados en alpendres, cortes, faiados..., atados, ás veces, a unha cadea, como animais. Crearon o Centro Xoán XXIII e tiveron que loitar, pasado o tempo, contra os que lle quixeron quitar calquera resgo de cristianismo á Asociación.

Os xornais galegos destacaban a súa militancia católica; xornalistas, pensadores, escritores recoñecían nel un exemplo de xenerosidade. Mágoa que ninguén desde a Igrexa de Galicia sequera lle dese as grazas. Alfonso Zulueta, desde Irimia: OBRIGADOS, IRMÁN ALFONSO!



O CARRABOXO por ROBE LOIS



Nunha clara mañá de primavera achégase Irimia ao nº 9 da Garaballa de Arriba, en Lugo, onde tiñamos concertada esta entrevista para coñecer a actualidade do programa “Espazo das Familias”, promovido pola Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy? Ali agárdannos atentas, sorrintes e faladeiras Puri Fernández e Luísa Rey. Tamén nos acompaña Ermitas Fernández, que fora durante moitos anos a directora de “Preescolar na Casa”. A entrevista desenvólvese arredor da mesa de reunións. As fotos de eventos sinalados de Preescolar na Casa e de Antonio Gandoy seguen penduradas nas paredes. Foi unha unha longa conversa, na que as ideas se entreteceron e completaron. As preguntas son de Irimia e as respostas de Puri e de Luísa de maneira conxunta.



Como empezastes o programa *Espazo das Familias*?

O proxecto xurdiu cando rematou a Fundación Preescolar na Casa, alá por novembro de 2012. Doris e Puri eramos as que quedabamos aquí e tiñamos ganas de acabar canto antes e marchar, cansas das tensións xeradas no proceso de cese da actividade de Preescolar na Casa. Pero un día, falando co administrador concursal, preguntámoslle que ía pasar con todo o que quedaba aquí: os libros, material, todo... E díxonos: “Iso non

Que é o que pretendedes, cal é a meta que compartides como asociación?

Se o miras ben, o nome xa che dá a pista: recoller, manter e difundir o legado de Antonio Gandoy e de Preescolar na Casa; el e a súa filosofía están sempre presentes. Mantemos vivo un estilo de traballo educativo centrado no apoio ás familias na educación dos nenos e nenas nesta etapa tan importante, en galego, como é “natural”, en interacción cos elementos do contorno natural, abertos á comunidade.

o principal é o tempo de calidade compartido entre os adultos e os nenos

vale nada; ninguén vai poxar por iso; acabará nun contedor de lixo?” Como imos deixar que acabe todo nun contedor? Non pode ser! Que facemos? Pareceunos que a única solución era montar unha asociación para recoller todo o legado material e inmaterial que queda de Preescolar na Casa. Para iso falamos, en primeiro lugar, con Luísa e outra xente, que nos axudou a poñer en pé a Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy.

Mantedes a confianza nas familias como unha das marcas de identidade?

O máis importante é o traballo coas familias, o principal é o tempo de calidade compartido entre os adultos e os nenos: que sexa pensado, no que se respecten os ritmos dos nenos, no que non haxa imposicións de actividades, que as actividades se vaian facendo fluídas, nas que todo o mundo teña cabida, incluso as situacións puntuais e persoais. As actividades dun pro-

grama sempre teñen un tempo moi limitado, por iso é tan importante a formación dos pais; e nesta formación de pais o máis valioso é vivir de maneira consciente experiencias satisfactorias compartidas, como xogos, experimentos, tarefas da casa, conversas, lecturas...

Como se desenvolve a actividade do que chamades *Espazo das Familias*?

Como acontecía en Preescolar na Casa, o elemento central son as reunións, os encontros de nais/pais e nenos/as cunha orientadora. Aínda que introducimos algunha innovación, o modelo de reunión é o herdado:

- as destinatarias son familias con nenos/as menores de 3 anos;
- a súa duración é de arredor de unha hora e media;
- o seu horario é acordado, tendo en conta as posibilidades das familias e da orientadora;
- o contido pode variar, pero non falta nunca o recordo do que se fixo durante a semana desde o encontro anterior, o desenvolvemento dalgunha actividade de estímulo sensorial, xogo, cantiga... e a proposta de actividades para a vida cotiá na semana seguinte.

Falabades que tedes introducido innovacións?

No organizativo, a innovación máis destacable é que agora os encontros, as reunións coas familias, son cada semana, o que asegura unha maior continuidade e intensidade das experiencias. Tamén substituímos aquela visita familiar que facía Preescolar na Casa por titorías personalizadas no lugar da reunión; hai orientadoras que as fan sistematicamente con todas as familias, unha vez que estas se incorporan ao programa; noutros casos, son as familias as que as solicitan.

Desde o punto de vista máis didáctico, no desenvolvemento das reunións tratamos de enriquecer o espertar sensorial, de todos os sentidos dos nenos, con propostas novas, como a

ir construíndo unha nova cultura sobre a infancia, a crianza, os coidados, a educación

caixa de luz ou pintar con diversos materiais; cultivamos moito a fabricación de xoguetes con materiais reciclados, coma o pau da chuva.

Tamén tratamos de facer máis flexible a actividade da reunión. Así, por exemplo, se o neno necesita merendar, inclúese esa actividade na di-

námica da propia reunión, inclúese ese tempo na reunión; non se para a reunión para merendar; é dentro da reunión e faise dese tempo un tempo de experimentación, de falar sobre a alimentación, de introdución de alimentos que non coñecen, traendo, por exemplo, cada día unha froita distinta. Se ten que durmir a sesta, non pasa nada, simplemente procuramos non facer demasiado alboroto.

Seguides reflexionando coas nais ou cos pais sobre diversos temas, como se facía en *Preescolar na Casa*?

Seguimos, porque pensamos que é moi importante ir construíndo unha nova cultura sobre a infancia, a crian-

za, os coidados, a educación, pero variaríamos un pouco a dinámica. Antes presentábase un tema e a partir del propoñíanse actividades para facer cos nenos. Agora facémola ao revés: empezamos as actividades coas crianzas e, a partir delas, observando o comportamento dos nenos, trátanse os temas cos pais e nais. As conversas coas familias van vinculadas ás actividades que se fan cos nenos.

Á parte das reunións, desenvolvedes algunha outra actividade?

Tratamos de aproveitar todas as oportunidades para promovermos esa nova cultura da infancia, arredor da idea de nenos e nenas competentes e para facilitar a realización de actividades pracentiras de maneira conxunta. Nesa liña, organizamos actividades como:

- Concertos para bebés, segundo o modelo de Paulo Lameiro, coa participación activa dos nenos, que cada vez nos demandan máis, tanto concellos coma colexios. É impresionante



Entrevista “Espazo das familias”, o legado de Antonio Gandoy

Redacción



como nenos tan pequenos viven a música en directo.

- As “Festas xogueteiras”, case sempre como un evento lúdico singular a fin do curso. Nun espazo ao aire libre montamos oito recantos ou espazos para xogar con diversos materiais como pan relado ou farelo, pintura de dedos, instrumentos musicais, construcións con bloques especiais para bebés, auga, pompas de xabón... Os nenos e as familias van pasando dun recanto a outro durante máis de dúas horas. Ao final, a festa remata cunha actividade musical.

Con que medios contades para organizar todo isto?

Para todo isto necesítanse recursos materiais e persoais. Todas as axudas son benvidas. En primeiro lugar, contamos con profesionais da educación infantil, algúns con experiencia previa en Preescolar na casa que, ben en forma de axuda voluntaria, ben de forma asalariada, animan as reunións, que son a columna vertebral da nosa actividade como asociación. Tamén contamos coa axuda económica de persoas particulares e de institucións. Entre estas, destaca a do Concello de Lugo, que nos cede os locais que fan de sede, a Deputación de Lugo, que

nos dá unha axuda para afrontarmos os gastos da actividade. Cada familia usuaria paga unha pequena cota; varios concellos sufragan parcial ou totalmente esta cota. O CDR O Viso de Lodoselo, a Fundación TIC da Deputación de Lugo e o Instituto Politéc-

o elemento central son as reunións, os encontros de nais/pais e nenos/as cunha orientadora

nico de Lugo e a Biblioteca Pública Anxel Casal de Santiago tamén colaboran con nós de diversas maneiras.

Que balance e valoración facedes do realizado ata agora?

Estamos traballando cunhas 280 familias nuns 20 concellos. Están colaborando directamente, de diversas maneiras, unha ducia de persoas. As familias móstranse satisfeitas. Nós tamén o estamos. Temos vencidas as enormes dificultades iniciais. Agora non pretendemos medrar moi de présea; máis ben establecer, afianzar, asentar o que se fai e mellorar as condicións de traballo das persoas traballadoras.

Cales son os vosos desafíos inmediatos como asociación?

Un desafío permanente é completar e estudar novos materiais e proxectos. Temos moi adiantada a preparación dun libro que recollerá unha ampla escolma dos escritos sobre temas educativos do noso inspirador, Antonio Gandoy. Tamén estamos traballando para conseguir a declaración de entidade de utilidade pública.

Como se fai para iniciar o Espazo das Familias nunha localidade?

Nós, na administración do programa recibimos as demandas de familias ou dos servizos socio-educativos dos concellos; tamén recibimos oferta de persoas que están dispostas a traballaren neste programa como voluntarias ou colaboradoras. A continuación empezamos a coordinar e a organizar a actividade de encontro de grupos de nais/pais e as súas criaturas coas profesionais.

Como se pode contactar coa Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy?

Este é o noso teléfono: 982 21 60 01

Este é o noso correo electrónico: antoniogandoyeducación@gmail.com

Esta é a nosa páxina en internet: <http://antoniogandoyeducacion.blogspot.com.es/>

Este é o enderezo da nosa sede: Garaballa de Arriba, nº 9. 27003 – Lugo.

Agradecemos a Puri e a Luisa toda a información que nos facilitaron e, sobre todo, o seu entusiasmo en animar unha actividade que tanto pode apoiar o exercicio da parentalidade positiva e o desenvolvemento de nenos e nenas competentes e en harmonía coa súa contorna.

Pingas de orballo AVELINO POUSA ANTELO

Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero)

“Moitos calan, mercenarios pasivos, pasmados, vendo pousar o aire nas ás dunha bolboreta.

O noso compromiso está na honra de ser, estando en pé e no orgullo de nós, esixindo o que é noso!”



Avelino! Custa asumir, a pouco que miro para atrás, a aceptación da lembranza de Lucho do Peto, de Ave -o líder dos “Jabatos” (que era aquel primeiro grupo musical que formou nos anos en branco e negro) e O Avelino, o noso amigo, que se foi hai case un ano silandeiro polos eidos das nostalxias, por mor da idade, do tempo que nos lembra sermos caducos e efémeros, ese tempo común que esvae por entre o silencio. Era o noso amigo, un home bo, importante en moitas facetas da vida e, sobre todo, na amizade entrañable das distancias curtas, cando botaba man para transmitirnos non só palabras, senón os limpos sentimentos cargados de afectos e da honestidade para coa Matria, para connosco. Nesa distancia da Patria compartida, Avelino era feliz. Quería ser membro do noso grupo, A Quenlla, e así nolo facía saber. Quería cantar e dicir, quería intervir e amosar o seu inconformismo. Quería facelo canda nós. Honra sentiamos cando nolo dicía! Cantaba moi ben. Viña moitas veces tocando o tamboril, presentando e dando a coñecer pezas da nosa música que sempre nos ocupan. Era dos que escoitaban de primeira man as cancións que faciamos, e opinaba sobre delas. Tiñamos

os mesmos espazos de pensamento, compartidos coa tribo, da que era patriarca, nesa atmosfera entrañable de encontros periódicos, da palabra, da afirmación, da música, das celebracións da memoria, dos contos, das festas e do licor café, do feliz sorriso... E cantaba, gustábanlle moito as jotas e as cantigas pícaras e de pouso verdadeiro, a súa ansia era unha constante mensaxe de esperanza que sostiña na loita diaria. Era unha dose de moral,

Non nos enganemos, insistía, as primaveras hai que gañalas

posuía un programa vital libado no esforzo, alí onde a rebelión vence os fríos que nos queren adormentar e onde os sosegos nos invitan a reflexionar e medrar, ergueitos nesta Casa, neste espazo de fillos e herdos pais. Falaba dos tempos idos, das actividades que fixeran, das batallas que no pasado viviran, das experiencias que gardaron. Falaba de persoas

e de amigos, de ausentes que loitaron toda a vida, de presentes que resistían. Máis alá das súas verbas, nos seus ollos, puidemos ler a verdadeira lección: non podemos deixarnos ir, hai que loitar todos os días por este mundo, non podemos perder o tempo en adobíos e discusións baleiras. Aí estamos, Avelino, agardando aínda. Cómpre merecer esta nosa Patria, este mundo de tantos ríos, de memoria, de primaveras. Aínda estamos agardando. Pero non nos enganemos, insistía, as primaveras hai que gañalas. Son moitas as que nos deben aínda e que debemos reclamar. Temos que vivir o presente mirándonos no pasado, gañando a memoria que nos reconforte para así poder abrir o futuro. Avanzando desde o esforzo de ser, sen deixar que nos escape ese porvir merecido, arriscando -se for preciso- ata avanzar na vontade de sermos quen somos, ese futuro soberano que tanto por nós agarda. Está aí nesa liberdade, a carón da dignidade, na certeza sublime de despertar dunha vez deste mal soño. Avelino estará sempre nas lembranzas máis fermosas e agradecidas, simpáticas e como referente, coa súa pucha, co seu sorriso, con ese orgullo de ser xustamente quen somos, nin máis nin menos.



Como xa vimos anunciando, o sábado 9 de setembro estamos convocadas as xentes irimegas para celebrarmos a nosa XL romaxe. A Romaxe será posible grazas ás facilidades que nos deron desde a asociación “Monte veciñal en mancomún de Beade”, que preside José Rodríguez Fernández.

Cantas fermosas lembranzas nos trae a nós a expresión “mancomún”! Levamos 40 anos loitando por facer posible unha Igrexa “en mancomún”, unha Galicia, en “mancomún”, unha humanidade en “mancomún”!

Imos celebrar a nosa romaxe, pois, nun contorno que, ademais da beleza paisaxística, nos fala tamén doutra beleza moi importante: a beleza comunal, a fermosura de coidar, conservar e tamén dar a coñecer os nosos montes como espazo común, como riqueza compartida.

A asociación “Monte veciñal en mancomún de Beade” forma parte da “mancomunidade de Montes de Vigo”, que ten xa un longo percorrido desde o ano 1996 como asociación. O artigo 1º dos seus estatutos marca a súa dirección: “*O obxectivo fundamental desta Mancomunidade é a defensa e mellora dos montes das entidades de Vigo, nos seus aspectos eco-*

nómicos, sociais, ecolóxicos, culturais e de relación.” Forman un conxunto de máis de 1500 hectáreas de monte ao redor da cidade de Vigo, conformando un cinto verde cheo de vida e natureza, onde a mestura do pasado máis afastado, co máis próximo, dan como resultado lugares irrepetibles; castros, mámoas, petroglifos antigos,

O sábado 9 de setembro estamos convocadas a celebrarmos a nosa XL romaxe

camiños, regatos, muíños, soutos e carballeiras listos para deleitar os nosos sentidos.

A organización está formada pola asociación dos montes veciñais de 13 parroquias do municipio de Vigo: Teis, Candeán, Cabral, Bembrive, Beade, Zamáns, Castrelos, Valladares, Matamá, San Andrés de Comesaña, Coruxo, San Miguel de Oia e Saiáns.

Para a promoción dos seus obxectivos organizan actividades varias. Lembramos aquí tres principais:

- “A festa do Monte”, no propio recinto de Beade e co fin de que todos os comeneiros e veciñanza de Beade poidan gozar dunha festa ao aire libre, lonxe das tensións acumuladas durante todo o ano. A xornada comeza sobre as once da mañá, co reparto gratuito de sardiñas e pan de millo, ata a unha da tarde, para todos aqueles que gocen da súa degustación.

- “Andaina polos montes de Vigo”: Tras anos preparando camiños e a súa sinalización, cumprindo co desexo da cidadanía de facer das montañas que circundan a cidade un lugar de espaxamento e liberación para a vida diaria, estas andainas móstralle á cidadanía todo o espectro de posibles paseos, sendeiros e combinacións que ofrecen os montes que circundan a cidade olívica. As novidades foron no último ano a “pequerrota” e un programa para persoas de mobilidade reducida.

- “Xornadas froitos do noso monte”: Parten estas xornadas da convición de que o monte galego é moito máis que madeira. Nos últimos anos están resoando cada día con máis forza frases como “valorización integral do monte”, “xestión do monte sustentable” ou “aproveitamento multifuncional”

En definitiva, trátase de desenvolver e aproveitar as potencialidades ecolóxicas, económicas e sociais dos nosos montes dun xeito sustentable, que redunde nun beneficio para toda a sociedade.

Non hai moito, “O Trasno” da nosa revista reivindicaba o valor superior do común, do público. Velaí unha das grandes achegas dos 40 anos de romaxe: dar voz a causas tan humanas e, polo tanto, tan evanxélicas coma esta. De aí que sexa unha enorme sorte xuntarnos desta vez en Beade e que, ademais, detrás da organización da vindeira romaxe estean colectivos coñecidos na cidade olívica precisamente pola súa defensa das mesmas causas. Velaí, a xeito de exemplo, o traballo comunitario das persoas vencelladas ao Cristo da Victoria ou a HOAC.

O sábado 9 de setembro agárdanos Beade, e, como di o texto da cele-



Imaxe da IV Andaina Montes de Vigo

e pola súa dignidade de mulleres. Non podemos deixar de traer á nosa memoria os innomeables, a todas as mulleres prostituídas no porto de Vigo, que loitaban pola súa dignidade ou

Levamos 40 anos loitando por facer posible unha Igrexa “en mancomún”, unha Galicia, en “mancomún”, unha humanidade en “mancomún”!

bración, agárdanos “con rumores do mar de Vigo de fondo. Forza dese mar calmo unhas veces e embravecido outras que deu folgos aos seus habitantes para loitar pola felicidade da xente: tendo ese mar como modo de vida e sustento, dando ilusións de terra prometida aos emigrantes a América, aos homes e mulleres que loitaron nesta nosa era industrial pola xustiza do reparto das riquezas e por un traballo en condicións dignas”

Agárdanos Beade para “lembrar as mulleres das conserveiras, vital no desenvolvemento desta cidade, loitando dobremente por un traballo xusto

que se deixaban aldraxar porque xa non tiñan forzas para soñar outra vida posible”

Agárdanos Beade para lembrarnos tamén de “todas e cada unha das manifestacións, concentracións, folgas, actos reivindicativos en xeral, que temos nesta cidade porque ante os problemas non podemos calar. Non esquecemos os que loitaron e loitan nas comunidades de montes pola conservación e mellora da natureza e o benestar da humanidade”

Seica a nosa revista toma agora unhas vacacións ben merecidas para as persoas que fan posible que chegue

ás nosas casas cada quince días. Á volta, cando xa andaremos preñiño do día da romaxe, informaremos polo miúdo de como acceder a Beade e dos demais detalles que deberemos ter en conta para a nosa xornada de “Andaina de Pobo e Fe”

Montes de Vigo
III Xornadas
Fritos do noso monte
Venres 18 de novembro
de 19:00h a 21:00h

Lugar: Edificio da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva Nautilus
Camino Sahín nº 54 Comesaña-VIGO

PROGRAMACIÓN
19:00h Apertura e presentación | Ana Gal
• Presentación do programa
• Actuación musical da Banda Municipal
• Actuación do coro de voces de Galicia
• Actuación do coro de voces de Galicia
19:30h O mundo dos cogomelos | Manuel Domínguez Rey
• Presentación do libro de cogomelos
• Presentación do libro de cogomelos
• Presentación do libro de cogomelos
• Presentación do libro de cogomelos
• Presentación do libro de cogomelos
• Presentación do libro de cogomelos
• Presentación do libro de cogomelos
• Presentación do libro de cogomelos

20:30h Degustación de cogomelos e de castañas montañas | Ag. Vedeiros e Zorras

Inscripción | monte@evg.blogspot.com / w.servicio - 008 848 989

COLABORAN

Cartel das III Xornadas Fritos do noso monte, celebradas este ano

Ler para camiñar

Crónicas de la América profunda

Juan Antonio Pinto Antón



Crónicas de la América profunda



O libro de Joe Bageant axuda a comprender o que está a pasar en EE UU. O resto do mundo preguntase se é o mesmo país das universidades máis prestixiosas, o que emite a metade dos títulos universitarios, copa os Nobel e estrea películas inesquecibles. Se é tamén o que devora o planeta e consome doses masivas de comida lixo, fundamentalismo relixioso e racismo supremacista.

Bageant foi fillo do Medio Oeste e por iso é quen de describi-lo dun xeito tan aterrador coma divertido, identificándose coa xente, cousa que non fixeron os demócratas liberais. Retrata os brancos pobres, “xente embrutecida, endebedada, fundamentalista cristiá e amante da caza, pero sen cartos para medicinas, que defende o estilo de vida americano e co seu voto decide o destino dun mundo que nin coñecen nin comprenden?”

Tampoco comprende o resto do mundo que votaran a Trump a metade das mulleres brancas, a pesar de comportarse con elas como un mandril en celo; ou que houbera “Blacks for Trump” que contou co apoio do Ku Klux Klan; ou que o sector máis pobre

dos latinos apoie a quen prometeu ampliar en México o ‘telón de aceiro’ contra os seus, é dicir, os pobres (con Canadá non hai muro). Custa aceptar que se presente como antisistema este paradigma da brutalidade dun sistema que converte a clase media nunha alarmante e masiva clase baixa; que non acepta os ‘perdedores’, vítimas dunha economía despiadada, e que os condena á incultura, inoculando neles o desprezo a todo o que ulla a intelectual e aos medios de comunicación.

A América (do peor Bush) retratada neste libro, xa incubaba a burbulla inmobiliaria, o delirio crediticio... e profetizaba a de Trump, epílogo non escrito destas ‘Crónicas’ ou de como os medos irracionais dos “perdedores”, alimentan o odio ao outro, ao diferente. Quizais unha vacina parcial contra a masiva sementeira de medos, mentiras e estupidez sexa a lectura do libro de Bageant *Crónicas de la América profunda*.

Deputación DA CORUÑA

“Espazo das familias”,
o legado de
Antonio Gandoy



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas


DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



A PALABRA

DOMINGO 16 de XULLO. XVI do Tempo Ordinario

A PALABRA Mt 13, 1-23

Naquel día Xesús saíu da casa e foise sentar á beira do mar. Tanta era a xente reunida ao pé del, que tivo que subir e sentar nunha barca, mentres a xente toda ficaba na beira. E faloulles de moitas cousas en parábolas. Dicia: «Dunha vez saíu un labrego a sementar. E ao botar a semente, parte dela foi caendo polo camiño adiante; viñeron os paxaros e comérona. Outra caeu entre as pedras, onde apenas había terra; e naceu de contado, porque a terra non tiña fondura; mais non ben saíu o sol, queimouna, e, como non tiña raíz, secou. Outra parte caeu na silveira, e ao medraren as silvas afogárona. Outra caeu en boa terra, dando froito: unha, cen; outra, sesenta; outra, trinta. Quen teña oídos que escoite!». (...)

A CLAVE

Imos ao verán cunha parábola que a todos nos soa: a coñecida como a do sementador. Neste capítulo 13 Mateu desenvolve o terceiro dos cinco grandes discursos do evanxeo, despois do Sermón da Montaña (5-7) e da instrución misioneira (10). Nel agrupa un total de 7 parábolas sobre o Reino. A do sementador é a primeira, e a maioría das/dos especialistas atribúenlla directamente a Xesús. Non así a posterior explicación da mesma, que se entenda que é unha elaboración posterior por parte das comunidades onde Mateu se inspirase e a quen se dirixía. E de que vai todo isto? Xa sabemos que das cousas importantes Xesús gosta de falar en parábolas. É non hai nada máis importante que o Reino. Nelas utiliza historias tomadas da vida corrente, que fascinaban á xente porque as entendían. Nós, habituados á nosa formación académica, buscaríamos unha definición, unha explicación racional á pregunta, necesitamos de respostas concretas. O auditorio de Xesús gustaba e estaba afeitado a este xeito simbólico e imaxinativo que tiña de se expresar. Faláballes do seu día a día para lles falar do Reino. Isto non lles alleo tampouco aos monxes budistas, que foxen de explicacións racionais sobre o que é a iluminación ou satírica, tan demandado polo público occidental. Xesús fala do Reino. Na parábola, malia o nome pola que é coñecida, "sementador", o centro do relato é ocupado polo destino que ten a terra sementada. Non fala da actividade de sementado ou da propia semente: pon o foco na responsabilidade de quen ouvimos a palabra, da nosa receptividade ou non á mensaxe do Reino. Que teña ouvidos... Bo verán a todas e todos.


J. A. Martínez

O ECO

Non hai tempo malo para a lectura, mais o verán é un dos momentos máis propicios para facela. Dúas recomendacións: a primeira que responde perfectamente a esta sección, o eco, Os salmos hoxe. Versión oracional á luz do Evanxeo, de Manuel Regal Ledo, editado por SEPT. E para quen busquen profundar no Novo Testamento, Guía para entender el Nuevo Testamento, de Antonio Piñeiro, editado pola Ed. Trotta.

Falando da lingua Ben nos prestan as vacacións...

Lidia e Valentina



Por moitos que vos parezan, non son tantos... Si, é certo que faltan uns cantos diacríticos por reparar, pero estes xa van polo aire...

- “bola” é a de pan, que sabe que rabea... E hai onde se lle chama así tamén á que se fai o día que se amasa o pan e se lle meten no medio talladas de carne de porco, liscos, din pola Terra Chá. Pronúnciase con “o” pechado.

- “bóla” é a que é esférica. Tamén ten bóla o que ten un bíceps moi traballado e bóla é a que nos meten se

non nos damos conta de todo é mentira... Pronúnciase con “o” aberto.

A 3ª persoa de singular do verbo ser leva acento, “Pepe é grande coma un día sen pan!” Pola contra, a conxunción copulativa “e”; a que utilizamos para unir “onte e hoxe”, non leva acento. Neste caso só nos pode axudar a diferenciarlas o contexto porque as dúas se pronuncian abertas.

A contracción do pronome persoal átono de 2ª persoa singular “che” coa preposición “a” ten como resultado “cha”; unha extensión de terreo que non ten desniveis ou algo que ten estas características, tanto en sentido real como figurado, é chá, con acento.

O pronome persoal átono de 2ª persoa singular “te” non leva acento e pronúnciase pechado. A infusión de té si leva acento e o “e” pronúnciase aberto.

- “máis” leva acento cando é adverbio de cantidade, cando escribimos que non queremos máis.

- “mais” non o leva cando é conxunción, que se pode substituír por “pero”: “Quere ir, mais non o deixan.” Tede moito ollo porque tampouco leva acento cando vai ao lado da conxunción “e”: “Rosa e mais Luis”, xa que non indica cantidade, simplemente suma; ou cando enlaza elementos: “Aprobou todo e mais non o deixaron ir de vacacións.”

Cando temos dó de alguén, temos mágoa, pena del, pronúnciamolo aberto e escríbese con acento; se o que queremos reproducir na escrita é a contracción da preposición “de” máis o artigo “o”, o resultado é “do”, que se pronuncia co “o” pechado e non leva acento: “Estamos a falar do acento diacrítico”

E nós agora tamén imos ter dó de vós e deixámosvos respirar todo o verán, se a temperatura non vos afoega..., que isto é abafar!!! Se por ben é, compartiremos outras horiñas de setembro en diante... Gozade do verán, gabádevos da lingua da nosa terra, da nosa lingua!

O Fachineiro da liberdade de expresión

A mordaza

A manipulación, a censura e o medo son tres recursos moi do agrado dos gobernos autoritarios ou simplemente ditatoriais. Tamén dos e das que entenden que gobernar é embridar a poboación. Por iso unha das primeiras medidas “urxentes” de Rajoy no goberno foi cambiar a lei que rexía a televisión pública para poder gozar dunha grella de telexornal á súa medida. Dende aquela, as denuncias por manipulación multiplicáronse e a audiencia afundiuse. Cando un pensa en falta de liberdade de expresión poída que lle veñan á cabeza países coma Corea do Norte, Rusia ou Exipto. Ata o noso amigo



turco encargado de facer de tapón para que non nos veñan inmigrantes de mal vivir. Se nos poñemos un pouco máis escufinidos, ata podemos buscar dentro da Unión Europea e dicir Hungría ou

Polonia. O caso é que o país que aparece estes días no blog de Amnistía Internacional como un exemplo de redución de liberdade de expresión é España. A Lei mordaza (esa pexa ou solta feita para meter medo á xente e que non se manifeste) cumpre o seu segundo aniversario feliz. En tempos da posverdade, chámase Lei de “seguridad ciudadana” e listo.

A.Q.